



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## ANUNCIO

O Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada na data 28 de outubro de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas ás comisións organizadoras das festas patronais e populares do Concello de Boimorto durante o ano 2022, co texto que se transcribe a continuación:

### **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ÁS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES DO CONCELLO DE BOIMORTO DURANTE O ANO 2022.**

#### **1. OBXECTO E FINALIDADE.**

O obxecto destas bases é regular as axudas a conceder ás comisións organizadoras das festas patronais e populares no Concello de Boimorto durante o ano 2022. A finalidade é axudar economicamente ás comisións de festas para que contraten orquestras.

Estas axudas, no marco do PEL - CONCELLOS\_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS INLCUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL ANO 2022 da Deputación da Coruña, están destinadas a subvencionar ás comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Boimorto, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares.

#### **2. REQUISITOS DAS COMISIÓNS DE FESTAS.**

As comisións organizadoras de festas patronais e populares deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- Estar legalmente constituídas como asociacións ou comisións de festas.
- Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no Concello de Boimorto.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

#### **3. REQUISITOS DAS ORQUESTRAS A CONTRATAR.**

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende o día 31/05/2022, segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

#### **4. CONTÍA DAS AXUDAS.**

O importe do total das axudas é de 3.000,00€, que se repartirán entre o total das solicitudes que cumpran todos os requisitos, e a subvención concedida será proporcional o gasto realizado.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearse entre as solicitudes admitidas.

## 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

As comisións interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude (Anexo I)

\*Documentación da asociación ou comisión de festas:

- CIF/NIF
- Fotocopia dos estatutos da asociación ou comisión de festas.
- Certificado de datos bancarios da entidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, do nomeamento do representante para as relación co Concello de Santiso e a declaración de non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas (Anexo II).
- DNI do/a representante legal da asociación ou comisión de festas.
- Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e coa seguridade social.

\*Documentación das orquestras:

- Certificado de situación censual das orquestras contratadas
- Declaración responsablemente da orquestras de que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Declaración responsablemente da orquestra de que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

\*Documentación xustificativa dos gastos e publicidade realizada:

- Anexo III
- Facturas dos gastos realizados e xustificantes de pagamento.
- Acreditación da publicidade realizada.

O concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

## 6. GASTOS E PERÍODO SUBVENCIONABLE.

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta axuda, a contratación de orquestras que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

A contratación das orquestras deberá realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022. Non poderán imputarse nestas axudas gastos realizados fóra deste período.

Os pagos ás empresas titulares de orquestras que contraten, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pago bancarios, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo, ou persoas traballadoras), o concepto, o importa e a data de pago.

O IVE non se considerará gastos subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

## 7. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación da bases na web do Concello de Boimorto e finalizará o día 15 de xaneiro de 2023.

As solicitudes poden presentarse na oficina de Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica do concello de Boimorto, utilizando o formulario normalizado de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medio electrónicos é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

Tamén se poden presentar de calquera forma establecida no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

## 8. OBRIGAS DAS COMISIÓNS OU ASOCIACIÓN BENEFICIARIAS.

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. A comisión ou asociación beneficiaria comprométese a dar a publicidade que sexa conveniente á colaboración económica do Concello de Boimorto e da Deputación da Coruña.
3. A comisión ou asociación beneficiaria está obrigada, cando así sexa requirido polo Concello, a xustificar o cumprimento do establecido nas bases desta convocatoria. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro que se efectúen.
4. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o coste da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. A comisión ou asociación beneficiaria deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, cón fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

## 9. PUBLICIDADE E USO DA LINGUA GALEGA.

As comisións de festas que sexa beneficiarias desta axuda, deberán facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das festas patronais subvencionadas e as orquestras contratadas, así como na súa páxina web. Isto implica que deberán dar publicidade da achega provincial e facer constar o financiamento da Deputación en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das festas patronais subvencionadas e as orquestras contratadas, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

Os logotipos do Plan de Emprego Local e a Deputación están dispoñibles na web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

A información, divulgación e publicidade (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) das festas patronais subvencionadas e das orquestras contratadas, deberá ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, o cal non implica quen non se poidan utilizar tamén outras linguas.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## 10. RESOLUCIÓN.

As solicitudes que cumbran cos requisitos serán propostas para seren resoltas favorablemente.

O concello poderá requirir ás solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, realizarase a proposta de resolución definitiva.

As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal facendo efecto de notificación colectiva a publicación en dito taboleiro da sede electrónica municipal, seguindo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas. A resolución ou acordo de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido e a desestimación do resto de solicitudes indicando o motivo da mesma. Contra a desestimación expresa poderá formularse os recursos que procedan. A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

## 11. PAGO DA SUBVENCIÓN.

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

## 12. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Boimorto. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Santiso ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

## ANEXO I. SOLICITUDE DA AXUDA ÁS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS DO CONCELLO BOIMORTO

RAZÓN SOCIAL  
NIF/NIE/CIF



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

DOMICILIO FISCAL

TELÉFONO/S

CORREO ELECTRÓNICO

PÁXINA WEB

FESTA

DATOS DE REPRESENTACIÓN: (no caso de non coincidir co/a solicitante)

APELIDOS E NOME

DNI/NIE

EN CALIDADE DE

- TITULAR
- REPRESENTANTE

SOLICITA:

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de Boimorto, no marco do PEL - CONCELLOS ORQUESTRAS E VERBENAS, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

Descrición dos festexos para os que se solicita a achega

DATOS DAS ORQUESTRAS A CONTRATAR

ORQUESTA 1

NOME:

NIF/NIE/CIF

DOMICILIO FISCAL:

COMPOSICIÓN DA ORQUESTRA:

ORQUESTA 2

NOME:

NIF/NIE/CIF

DOMICILIO FISCAL:

COMPOSICIÓN DA ORQUESTRA:

Documentación a presentar:

- CIF/NIF
- Fotocopia dos estatutos da asociación ou comisión de festas.
- Certificado de datos bancarios da entidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, do nomeamento do representante para as relación co Concello de Boimorto e a declaración de non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas (Anexo II)
- DNI do/a representante legal da asociación ou comisión de festas.
- Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e coa seguridade social.

Boimorto, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

(representante para as relación co Concello)

## ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna. \_\_\_\_\_, provisto/a de NIF/NIE nº. \_\_\_\_\_

, en representación de \_\_\_\_\_

con CIF nº. \_\_\_\_\_, solicitante das axudas do Concello de Santiso convocadas ao abeiro do PEL-CONCELLOS ORQUESTRAS E VERBENAS, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña,

DECLARA:

\_\_\_\_\_



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas do Concello de Boimorto, no marco do PEL-CONCELLOS ORQUESTRAS E VERBENAS.
- Que a entidade á que represento non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas.

Boimorto, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022  
Asdo: \_\_\_\_\_  
(representante para as relación co Concello)

## **ANEXO III. XUSTIFICACIÓN DA AXUDA ÁS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS DO CONCELLO BOIMORTO (PEL-CONCELLOS ORQUESTRAS E VERBENAS)**

BENEFICIARIA:  
RAZÓN SOCIAL  
NIF/NIE/CIF  
DOMICILIO FISCAL  
TELÉFONO/S  
CORREO ELECTRÓNICO  
DATOS DE REPRESENTACIÓN:  
APELIDOS E NOME  
DNI/NIE  
EN CALIDADE DE  
• TITULAR  
• REPRESENTANTE

Sendo beneficiaria da axuda ás comisións organizadoras das festas do Concello de Boimorto, no marco do PEL - CONCELLOS ORQUESTRAS E VERBENAS, do Plan de emprego local da Deputación da Coruña, procédese a aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

- Facturas dos gastos realizados e xustificantes de pagamento.
- Acreditación da publicidade realizada.
- Certificado de situación censual das orquestras contratadas
- Declaración responsablemente da orquestra de que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Declaración responsablemente da orquestra de que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

Boimorto, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022  
Asdo: \_\_\_\_\_  
(representante para as relación co Concello)

Boimorto, 17 de novembro de 2022  
A alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez